

creamos un espazo para disfrutar dos atardeceres neste val da Mariña

*Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites Casabella & Vieites,
Arquitectos S.L.P.*

- ¿Como enfocaron o traballo tras saberse adxudicatarios do concurso?

-Antes de responder a esa pregunta valería a pena falar de como foi a nosa proposta ao concurso. Enterámonos moi tarde e solicitamos as bases tres ou catro días antes de finalizar o prazo de entrega. De maneira que nos tivemos que quedar todo a fin de semana traballando para podelo rematar. O que se solicitaba era a rehabilitación de tres casas para convertilas en hotel de tres estrelas á beira do río de Ferreira, pola parte de atrás, e dando á praza principal pola parte de diante. Antes de nada miramos cal era a cualificación urbanística e que se podía facer neses solares segundo o plan vixente. Vimos que tiña moito aproveitamento, como é normal en todo o Concello. A nós, e pensabamos que tamén á propiedade, interesáralle que a intervención quedara ben, pero que tivera un bo aproveitamento. Con esa premisa propuxemos un aproveitamento do solar que consistía na rehabilitación das tres casas existentes na parte de diante e unha ampliación na parte de atrás. Na ampliación procuramos deixar libre un pouco do solar para que fixera de expansión a carón do río, que nese sitio é moi tranquilo. A opción que propuxemos foi ampliar sobre todo contra as fincas dos veciños unha vez que as dúas tiñan paredes medianeiras sobre o solar do hotel. Dese xeito tapabamos as medianeiras e abrazabamos un espazo central que comunicaba directamente o hotel co río. Desá proposta saíu un hotel con 18 habitacións ademais de cafetería e restaurante o que supoñía un bo aproveitamento. A maiores conqueríamos un pequeno xardín que podería permitir unha agradable aproximación á auga. Este prantexamento parece que foi o que máis lle agradou ao xurado do concurso. Unha vez que nos adxudicaron o traballo puxémonos en contacto coa propiedade para concretar o programa. Desas conversas resultaron algúns cambios, sobre todo na pranta baixa, unha vez que eles pensaban sobre todo no funcionamento dos tres negocios: hotel, cafetería e restaurante. Foron unhas negociacións duras, pero ao remate conseguimos facer unha solución que nos agradaba aos diseñadores e á promotora. Con ese consenso elaboramos o Proxecto Básico e o de Execución como se fai habitualmente.

- ¿Cómo dividiron os espazos?

-A proposta definitiva consistía en destinar toda a pranta baixa para os negocios complementarios do seguinte xeito: entrada do hotel na casa que daba directamente á praza; cafetería na casa do medio; restaurante e cociña atrás, coa finalidade de servir aos dous primeiros espazos. As habitacións tipo "suite" situaríanse na parte rehabilitada, mentres que na ampliación se situarían dormitorios dobres e sencillos. As "suites" serían máis grandes e urbanas, mentres que os dormitorios darían ao



territorio e collerían o sol da tarde. O soto aumentárase a toda a superficie da ampliación.

- ¿Que pasos seguiron para estruturar o traballo?

- Existían efectivamente dúas fases ben diferenciadas, a rehabilitación e a ampliación, aínda que eran para se facer ao mesmo tempo. Os trámites e a construción prolongáronse máis do que sería desexable. Os primeiros pola burocracia que cada vez máis rodea o mundo do urbanismo e a arquitectura, e o segundo polas contrariedades que foron aparecendo. Esas contrariedades tiñan que ver co antigo trazado do río, pois axiña nos fomos decatando de que o substrato do solar era o antigo leito do río. Logo, en conversas con veciños díxéronnos que o río fora desviado e canalizado para aumentar seis ou sete solares máis o parque da vila. Con esta situación era imposible manter os muros da parte de atrás das casas. O solo era de area e de resistencia nula. Intentouse desesperadamente conservar os muros traseiros pero finalmente tivemos que derrubalos para poder facer o soto e reconstruílos a continuación.

- ¿De que parte da súa tarefa se senten máis satisfeitos?

- É a primeira vez que traballamos en Ferreira do Valadouro, a pesares de que Xan Casabella é oriundo de alí. Parécenos unha vila moi atractiva dende o punto de vista da arquitectura. A zona máis antiga é toda moi homoxénea e digna, agás excepcións como o edificio a carón do hotel. Ten unha praza moi agradable, onde se realiza un mercado semanal, cunha escala urbana moi atinada. Do que nos sentimos máis satisfeitos e de poder facer unha nova edificación que non estrague esa escala, que teña a dignidade e recolla a homoxeneidade do resto da praza; ese era o reto fundamental. Non se pretendía destacar senón simplemente saber estar nesa praza. Na parte de atrás fixemos o que teñen as outras vivendas, espazos para disfrutar dos magníficos e tranquilos atardeceres do verán neste val da Mariña. Poder estar a un tempo, nun espazo urbano agradable, onde se celebran as festas, o mercado e as procesións, e ter esas amplas visións sobre os campos do val.

MANUEL GARCÍA COMENDEIRO



COLOCACIÓN DE:
PIEDRA Y LADRILLO

SANTA MARÍA MAYOR
27742 MONDOÑEDO (LUGO)
699 072 108

Orencio García Díaz

Chorro de Arena
Limpieza de fachadas
Estructuras de hierro

La Seara s/n
27773 Alfoz - Lugo
Tel. 982 55 86 06 - 669 70 21 34



MÁRMOL Y GRANITOS

- CORNISAS
- BALAUSTRADA
- PANTEONES
- ARCOS
- PERPIAÑO
- ESCALERAS
- COLUMNAS
- ENCIMERAS
- SUELOS, ETC..

27776 LA SEARA - ALFOZ (Lugo) mireigosa@hotmail.com
Tel.: 982 55 86 29 - Móvil: 610 24 11 68 - Fax: 982 55 85 77

GRUPO torneiro

MÁQUINAS Y HERRAMIENTAS PARA LA CONSTRUCCIÓN E INDUSTRIA

ALQUILER



PIEDRA

ALUMINIO

LUGO

Rúa da Industria 101, 102
27003 Pol. Ind. Ceao
Tel: 982 209 392
Fax: 982 209 621



MADERA

PVC

A CORUÑA

Rúa Cortián, F-24
15165 Pol. Ind. Bergondo
Tel: 981 795 696
Fax: 981 795 064



VENTA

CONSTRUCCIÓN

LUGO

Avda. Coruña, 294
27003 Lugo
Tel: 982 214 437
Fax: 982 214 010



Instalación y
mantenimiento:

- Aire acondicionado
- Ventilación
- Calefacción
- Fontanería
- Aspiración centralizada
- Detección de incendios
- Solar térmica
- Biomasa
- Geotérmica

Móvil: 609 908 216
Tel.: 982 131 955
Fax: 982 130 489
e-mail: info@xoula.com
Vilar de Piñeira, 9 - bajo
27710 RIBADEO Lugo